

Venres, 8 de setembro de 2017

Núm. 173

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

INFORMACIÓN PÚBLICA DO ANTEPROXECTO PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DA OBRA DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA PISCINA DE CAMPOLONGO ASÍ COMO DA ESTRUTURA DE CUSTOS

ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA DO ANTEPROXECTO PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DA OBRA DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA PISCINA DE CAMPOLONGO ASÍ COMO DA ESTRUTURA DE CUSTOS

1. Información pública do anteproxecto para a construción e explotación da obra de reforma e ampliación da piscina de Campolongo

O día 28 de agosto de 2017 acordouse pola Xunta de Goberno Local tramitar o anteproxecto para a construción e explotación da obra de reforma e ampliación da piscina de Campolongo, no Concello de Pontevedra.

Así mesmo, de conformidade co artigo 129.3 do Real decreto legislativo 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público acordouse someter a información pública o citado anteproxecto de construción e explotación durante o prazo dun mes.

De conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, o citado anteproxecto para a construción e explotación da obra de reforma e ampliación da piscina de Campolongo sometese a información pública, durante 1 mes, mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello (sede.pontevedra.gal). O anuncio na sede estará exposto durante 1 mes. O prazo dun mes comezará a partir da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o período de información pública calquera persoa interesada poderá acceder e ver o anteproxecto e o expediente no que se contén e achegar e formular cantas observacións ou alegacións considere oportunas. O citado expediente e o anteproxecto poderanse examinar no Servizo de Contratación (r/ Michelena 30, 1º andar, 36071, Pontevedra)

Unha vez presentadas as observacións ou alegacións de ser o caso, a Xunta de Goberno Local aprobará o anteproxecto de construción e explotación resolvendo e considerando no seu caso as observacións ou alegacións presentadas así como no seu caso os informes que emitan as administracións aos que se solicita informe sobre o anteproxecto.

Código seguro de verificación: 1QC5KYQX4M8EIVID



Venres, 8 de setembro de 2017

Núm. 173

2. Información Pública da estrutura de custos

O día 30 de agosto de 2017, acordouse pola Xunta de Goberno Local someter a información pública a estrutura de custos referida ao mencionado expediente por prazo de 20 días hábiles mediante a publicación de anuncio no BOP e na sede electrónica do Concello (sede.pontevedra.gal) ao obxecto de que calquera persoa interesada poida formular alegacións, quedando o expediente a disposición dos interesados no servizo de contratación. No suposto de que non se formule alegación algunha, entenderase aprobado definitivamente.

De conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, sométese a información pública a citada estrutura de custos durante 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello (sede.pontevedra.gal). O anuncio na sede estará exposto durante 20 días hábiles. O prazo comezará a partir do día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o período de información pública calquera persoa interesada poderá acceder e ver a estrutura de custos, e o expediente no que se contén e presentar e formular cantas observacións ou alegacións considere oportunas. O citado expediente e a estrutura de custos poderanse examinar no Servizo de Contratación (r/ Michelena 30, 1º andar, 36071, Pontevedra)

No suposto de que non se formule alegación algunha, entenderase aprobada definitivamente.

Pontevedra, a 30 de agosto de 2017.—O Secretario da Administración Municipal, José Carlos Castiñeira Piñeiro.

